

Ao congreso de escritores galegos asistirán representantes dos países que se atopan dentro da área lingüística luso-brasileira

SANTIAGO.—(Da nosa Delegación).

Serán un cento de escritores galegos os que participen durante os días 2, 3 e 4 de maio próximo no I Congreso de Escritores que se vai celebrar no mosteiro de Poio. A recepción de ponencias estase ultimando así como a lista de asistentes.

Por outra parte, xa confirmaron a sua presencia no Congreso o escritor peruano Manuel Scorza, a novelista brasileira Nélida Piñón e os portugueses Manuel Ferreira (revista «África»), Casimiro de Brito (Asociación de Escritores Portugueses e PEN portugués), Egito Gonçalves (Sociedade Portuguesa de Autores) e o escritor Xosé Augusto Seavra. Tamén notificaron o seu interés por asistir a estas xornadas de reflexión e de estudio dos escritores galegos representantes de institucións diplomático-culturais dos países que están dentro da área lingüística luso-brasileira.

Concretamente, o Ministerio

de Cultura de Cabo Verde remesou unha carta atraveso da sua dirección xeral, na que fai votos para que «as resolucións tomadas polo Congreso —dice textualmente— veñan a contribuir para a consolidación da actividade do escritor eo alargamento das resolucións culturais con outros pobos, particularmente os da mesma área lingüística, para o coñecemento mutuo e a difusión dos valores do espírito».

Por Euskadi acudirá ao Congreso, Txillardegui, novelista e membro da Academia Vasca; por Cataluña, Jaume Fuster (Asociación de Escritores), e Alex Broch (PEN Catalán).

A xunta directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que xa distribueu o cartel anunciador por toda Galicia, ultima os preparativos deste encontro, e permanece a espera de que se formalicen todas as subvencións ofrecidas por entidades e institucións do país galego, así como da Xunta a traveso da Consellería de Cultura.